


#PoemasPenduradosDeFarolas



LUMES NUNCA MÁIS

POEMAS PENDURADOS DE FAROLAS. LUMES, NUNCA MÁIS!

Edición: Xaneiro 2018

- © Dos textos e das imaxes: Os seus autores
- © Desta edición dixital: NPG Nova Poesía Guitirica e Culturalia GZ
- © Da imaxe da portada: *Sol Vermello* de José Luís Teijido (Luís de Fabete)

<http://culturaliagz.com/>
info@culturaliagz.com
dosvilares@gmail.com
www.dosvilares.com
www.facebook.com/osvilares



LUMES NUNCA MÁIS



ÍNDICE

Prólogo	5
RELACIÓN DE POETAS	
Adolfina Mesa	6
Adriana Quijada López	7
Alberte Momán Noval	8
Ana Mar Fraga Rábade	9
Ana Vila Portomeñe	10
André da Ponte	11
Andrea Arújo	12
Anna Maria Barletta	13
Antóm Laia	17
Antón de Guizán	19
Anxo Boán Rodríguez	21
Beatriz Dourado	22
Branca Villar Alvariño	23
Carlos Neira Suárez	24
Carmen Penín	25
Conceição Guerra da Palma	27
Cris Amoedo	28
Daniel Irimia Yáñez	29
Eli Ríos	30
Emilia Martínez Fuentes	31
Emilio Araújo	33
Esperança Martínez	34
Fátima Fernández García	35
Gallego Rey	36
Graça Foles Amiguiño	37
Helena Gómez Vecino	40
Jacobo S. Quintela	41
José Carlos Ulloa García	42
José Ripoll	43
José Vázquez Liste	44
Judiña de Lea	46
Lia Santiso	47
Lino García Salgado	48
Luz Campello García	49
Luz Darriba	51
Manuel González Prieto	52
Mar Beres	53
Maria Pereira (Oslita)	54
Martiño Maseda	55
Miguel Melero	56
Moncho Bouzas	57
Montse González Álvarez	58
Natalia Lema Otero	59
Navia Rivas de Castro	60
Nieves Fernández Vidueira	61
Olga Glapshun	63
Óscar de Souto	65
Paco Ledo	67
Pas Veres	68
Pedro Rielo Lamela	69
Pilar Hidalgo Quirós	71
Pilar Maseda Barrio	72



LUMES NUNCA MÁIS

Rafa Catoira	73
Ramiro Torres	74
Raquel Díaz Seijas	75
Raquel Pazos Garrido	76
Raúl Gómez Pato	78
Ricardo Souto Morano	79
Roxana Villagrasa Méndez	80
Sandra Tenreiro Doldán	82
Soraya Rodríguez Sánchez	83
Xesús Bermúdez Tellado	84
Teresa Ramiro	85
Toño Núñez	86
Xelo Tejjido	87
Xoán Neira	88
Xosé Abeledo	89
Xosé Antonio Cascudo	90
Xosé María Díaz Castro	91



LUMES NUNCA MÁIS

PRÓLOGO

A finais de 2014, o ano da dedicatoria das Letras Galegas a Xosé María Díaz Castro, a NPG Nova Poesía Guitirica, nacida no 25 cabodano do poeta vilarego ao amparo do proxecto *Os Vilares, Lareira de Soños* ese mesmo ano, ideou comezar cada ano con unha iniciativa que levara a poesía ás rúas con unha proposta bautizada como *#PoemasPenduradosDeFarolas*. Así, a primeiros do ano 2015, versos dos poetas Guitiricos e un poema de Díaz Castro encheron farolas das localidades de Guitiriz e Parga. Na segunda edición, a proposta levaba xa un contido social, un compromiso poético coa realidade ademais de abrir a participación a poetas e convidados (Martíño Maseda e Raúl Gómez Pato, gañador do primeiro *Premio de Poesía Xosé María Díaz Castro*), a temática común foi contra a violencia machista, unha das grandes lacras da nosa sociedade. Para este ano 2018 as farolas de Guitiriz, nunha convocatoria por primeira vez libre, da que tomaron parte arredor de medio cento de poetas de Galiza, Portugal, Sudamérica, España, Italia e mesmo Ucraína, alzan os seus versos contra o lume que devastou no noso país máis de 50.000 hectáreas de monte ademais de casas e negocios e levando por diante varias vidas. Outra grande catástrofe da que se fan eco grandes facedores de versos que participan na iniciativa da NPG e que a partires do 13 de xaneiro pendurarán das farolas e dos soportes dixitais de *Culturalia GZ* e *Galicia Dixital* para a súa descarga de balde. Sen dúbida unha proposta orixinal e novidosa con grande acollida como demostra a cantidade e calidade na participación e que mantén o pulso díazcastriano na súa de localidade de orixe con outras accións como o devandito Premio de Poesía que leva o nome do poeta vilarego, o Certame Vilariñas de micropoesía e as numerosas actividades e recitais desenvolvidos e nos que participa o grupo da NPG Nova Poesía Guitirica.

Veremos nas rúas poemas de 60 poetas de Galiza, Portugal, Venezuela, Ucraína e Italia que farán de Guitiriz e Parga un gran poemario contra os incendios e das súas farolas as páxinas. E contribuíndo dende o seu afán individual ao colectivo anhelos que se expresa naquel berro singular *Medre a Poesía!*



LUMES NUNCA MÁIS



Adolfina Mesa



LUMES NUNCA MÁIS

MUXICA

Muxicas de rabia ,
prenderon nas raíces da ilusión,
queimaron a vida e a alma
acendendo con lume a nosa voz.

Bágoas escuras escorren polas mareas
das ladeiras do noso ser.
Distinto cheiro, mesma traizón,
mesmos culpables, mesma dor.

Cinzas de pranto, odio e rancor,
vermello que tingue o branco suor,
governantes os que deixaron na pel
queimaduras do seu amor.

Fume entre os carballos, fíxonos espertar,
un lume préndeo calquera máis só un pobo
o pode apagar.

Os xermolos da vida responden aos nosos laios,
verde Galiza te volveremos a ver,
a terra que temos non a deixamos sen ser.

Adriana Quijada López



LUMES NUNCA MÁIS

A ESCURIDADE DO COSMOS

A primeira vez que abrín a porta, cegoume a luz. Pechei os ollos de maneira instintiva, fuxindo da dor punzante que penetraba até o máis fondo. Fun abrindo as pálpebras, afacéndome á claridade, para percibir, amodo, os matices. Resultoume difícil identificar cada obxecto, as formas nidias que noutrora foran só o balbordo dun movemento torpe na escuridade. Observei, meticulosamente, o meu corpo fráxil e pálido, trala ausencia de luz, e descubrín os signos inequívocos do discurso líquido, imbricado no tecido permeable da miña pel, borboriñando a mensaxe que servira para facer estourar a memoria. Identificando o seu corpo alleo ao meu, pero intimamente adherido, dei un novo sentido ao seu relato.

En ocasións, o murmurio, aínda presente, faima volver o rostro cara a porta aberta e tan escura, mentres recupero os nomes que me constrúen con cada vaga.

Alberte Momán Noval



LUMES NUNCA MÁIS



LUMES NUNCA MÁIS

Outubro coa súa paisaxe verde, que troca en negra cinza,
monte arrasado, paisaxe denegrado, aire penzoñado,
fume que envolve sombras e morte.

Pegada do borrallo, ¿ dime Galiza que mans te queiman ?
¿ mans negras ? ¿ xauría de pirómanos ? ¿ ou agachado
poder detrás das lapas ?.

Ceo galego que verte bágoas negras, Galiza de loito,
morte negra en cinzas envolta, agasallo funesto, que
leva vidas, casas, enseres e gando, árbores asasinadas,
loito na paisaxe, e na vida de quén o perdeu todo.

Calada chora Galiza, herdanza dos ancestros, trocouse
en negra morte, viacruces de cinza, Galicia vertebrada,
lembranza na memoria de árbores milenarias, Olimpos
Celtas, hoxe trocados nas súas pantasma, lume e
fume, en nós ríos de bágoas.

Drama humán na alma, terra ferida, comesta polas
lapas, batalla dunha guerra que xamáis debemos
perder, o monte está ferido, Galiza ten chagas, pero
está viva.

Berros que mancan, na terra queimada, árbores
mortas, sentir as bágoas dos ríos, que en auga de
cinza esvaran, día, noite, pelexa.

Galiza en chagas, pero viva.

Ana Mar Fraga Rábade.



LUMES NUNCA MÁIS



QUERO NA TERRA GALEGA

Quero sentir somente o lume
quentándome cando fai frío,
pero nunca...nunca máis
a cinza na voz dos nosos ríos.

Quero ver somente o fume
aloxando todo o que sexa ferido,
pero nunca...nunca máis
lapas na ollada do ceo limpo.

Quero lembrar somente arume
do noso fermoso latexo tan vivo,
pero nunca...nunca máis
cheiro de tanta dor nos camiños.

Quero que respire o zume
que por ledicia da suspiro,
pero nunca...nunca mais
o triste berro de galego espido.

Quero na terra galega
respeto sempre prendido,
e na miña alma labrega
o seu humilde e fermoso brillo.

ANA VILA.

.poeta labrega. Taboada(Lugo)



LUMES NUNCA MÁIS

De cando se lembra da paisagem
da Terra Chá estando longe dela

Volto a vós com o corazón silente
minhas lembranças. Trémulos ardores
tornam visíveis os vossos candores
e ensimesmado aflijo-me dolente.

Os tempos passaram por minha frente
e ainda vos sinto, alma dos meus maiores,
cravados nos meus olhos os verdores
e nos ouvidos o cantar fluente.

Quando te verei, Terra infinda e santa?
Algum dia te abraçarei, se quadra?
Ai! quando beijarei tua face amarga?

Meu corazón sangra e a ti se levanta.
Hoje te sinto em mim cravado, Ladra
e doe-me o teu silêncio, amante Parga.

José André Lôpez González
(André da Ponte)
-Rimas de Frei Bento de Santo
nome de Santo Alberte.



LUMES NUNCA MÁIS



BÁGOAS DE LUME

Ó pé do monte
caían muxicas,
coma bágoas de lume
que reflexaban dor.

A noite queimaba,
e o noso ollar, insomne,
atopouse co da lúa
berrando entre o fume.

Silencio.
Agora que o perenne frío
arrincou a voz dos paxaros
e un manto negro
se apoderou da paisaxe.

Ardeu o monte,
esmoreceu o outono
e non hai follas secas
que abriguen a terra devorada.

Andrea Araújo



LUMES NUNCA MÁIS



FOTOGRAMMI...

Frammenti di fotogrammi

pellicole negative
o positive

dove il colore della vita
cattura il tempo
del vissuto.

Un flash più scuro
brucia
come gocce
si espande
come macchie di petrolio
a corrodere
la nascita
dell'universo...

Anna Maria Barletta (Italia)



LUMES NUNCA MÁIS



UN GERMOGLIO...

*Piccoli semi che nascono
tra fili di erba
come germogli
dai tanti colori.*

*Fuochi immensi
a rubare il respiro
tranciare
spezzare il cammino
della vita.*


*Ci sarà Dio a fermare
tutto questo?*

*Sì ci sarà
In un nuovo mondo...*

Anna Maria Barletta (Italia)



LUMES NUNCA MÁIS



Una Bud...

Pequeño Semi Que Nascono

Entre Inalámbrica De Hierba

Qué Brotes

Vamos Muchos Colores.

Fuegos Inmensa

Para Robar La Inhalar

Corte

Romper La Manera

De Vida

Hay Sea Dios Para Parada

Todos Este

Si Hay Se

En un Otro Mundo

Anna Maria Barletta

Anna María Barletta (🇮🇹 Italia)



LUMES NUNCA MÁIS



FOTOGRAMMI...

Frammenti di fotogrammi
pellicole negative
o positive

dove il



vita
cattura il

del vissuto.

Un flash più
brucia
come gocce
si espande
come macchie di petrolio
a corrodere
la nascita
dell'universo...

scuro

tempo

colore della

Anna Maria Barletta (ITALIA) Foto del mare di BRINDISI- (PUGLIA)

Anna María Barletta (🇮🇹 Italia)



LUMES NUNCA MÁIS



HOJE MIL VEZES MALDITOS.

Centelha vos coma,
arredem de vós as gentes,
cuspam nos vossos furados as lesmias,
sepultem a vossa inoperância as torrentes da Fraga
furem nas vossas consciências os males mais terríveis,
carcomam no vosso ventre os corvos do Jalhas,
deitem-vos no chão e pateem nas vossas barrigas
ceguem os vossos olhos as vossas ineptitudes,
fodam as silvas as vossas entranhas,
espinhem os tojos os vossos corações,
flutúe por sempre sobre vos o terror e a morte
tapicem os vossos corpos as carrachas,
zuguem nos vossos miolos as donizelas,
queime ese lume as vossas mãos
mentres os vossos olhos os vossos olhos os vossos olhos
suplican fronte ao borbolinhar das águas

Mil vezes malditos mil vezes malditos mil vezes malditos
polos lumes que criastes,
por pôr os mistos nas mãos dos desalmados,
por encher a terra de bencina e chapapote.

Mil vezes malditos mil vezes malditos mil vezes malditos
e caíam sobre vós-inoperantes esterqueiros-todo esse
lume,todo esse lume,todo esse lume,Todos os lumes

Antóm Laia



LUMES NUNCA MÁIS



FRAGAS DO EUME

RASCACÚS

lontras

avelairas

carvalhos

Csaveiro

caminhos

auga

Eume

Monfero

A Capela

carvalhos

salmántigas ravelongas

martinhos pescadores

gatos do monte

raposas

lobas

lebres

coello

Pontedeume

fentos

centos de fungos

centos de líquens

miles de esperanças

lagartixa

aguia rateira

moucho moço

falcóns abelheiros

troitas

salmóns

reos

ginetas

e homes a prantar no eucalipto

e homes a prantar no eucalipto

e homes a sacar os mistos

e homes a sacar os mistos

e homes a acender nos chisqueiros

e homes a acender nos chisqueiros

enquanto outros homes preparan

as mentiras... "nom chove"...

Antóm Laia



LUMES NUNCA MÁIS



O MEU PAÍS

O meu país

Foi verde, agarimoso

E anfergo...

O meu país

Foi presa da negrura, no mar e na terra.

O meu país

Desfeito de abandono

Desfaise neste sono

De cinza e máis fuel.

O meu país

Cargado de ignorancia

Avanza

Na prestanza

Da súa destrucción.

O meu país

Co lume que non quenta

Nin o mar que alimenta

Vai-se suicidando,

Dunha maneira lenta.

O meu país

Sucumbe sen alento

Co empuxe dalgún vento

Que aviva a súa agonía

E axuda a sucumbir

Apagará ese lume?

Será que de vivir?

O meu país...

Antón de Guizán



LUMES NUNCA MÁIS



APOCALIPSE NOW



APOCALIPSE NOW

Não é necessário atender
a previsões bíblicas
nin predições de iluminados.
Não é preciso estudar
a fondo a Prisciliano.
Tampouco atender catastróficas
visões científicas do planeta.
Atemborough e Jackes Cousteau
Filmaron imagens museísticas
para a lembrança.
Non lavedes a conciencia
com energias limpas ou
apadrinhando um pino de Nadal.
Não.
MAD MAX existe!
A Apocalipse é agora!

Zombis de hoje levam
na branca retina
verdes lembranzas
e azuis horizontes..
Mâis os cegos olhos
sò vem agora cinza,
e petróleo...
Não, não agardes nada.
A Apocalipse é aquí
e agora.
APOCALIPSE NOW.

@deGuizàn

Antón de Guizán



LUMES NUNCA MÁIS

HIMNO A FALA

Falarei Galicia,
a lingua do pobo,
-linguaxe diviña,
nos lugares todos-
pola terra meiga,
polo mundo enteiro,
para que oian os astros
o falar xiadeiro.-

Falareino,
porque a falan os piñeiros,
cando están a fungar,
porque a falan os cans,
cando se poñen a ladrar,
porque a falan os regueiros
e as augas das fontes,
para que a sintan os Deuses
dende a cima dos montes.

Si...falarei..
Falarei sempre,
coa dozura do galego,
porque galega é a voz
da ronca gorxa do labrego,
porque galega é a voz
da saudade mariñeira,
porque galega é a voz
da xente faladeira.-


Anxo Boán Rodríguez



LUMES NUNCA MÁIS



Terra West



Terra West

*De falar, falarei coa terra.
A terra verdadeira,
a negra terra
onde prende a raíz.*

Dixo o mestre Rivas.

Soamente con ela
e con ninguén máis
falarei do rastro que deixa a fenda
mentres, ergueita, camiño
cara un horizonte chamado utopía.
Falarei da neve que soñamos
para que cicatrice a pel
como a dos maquis da resistencia.
E sobre a cinza deste holocausto
sementarei de novo poesía
para que o corazón arda por ela.
Terra de carballos e castiñeiros,
terra dos meus amores,
terra da esperanza.

Fotografía de Vincent West/ Reuters

Beatriz Dourado

Beatriz Dourado



LUMES NUNCA MÁIS



BAGOAS DE LUME

Bágoas de lume
percorren o meu sangue ,
mestura de impotencia ,
de carraxe .
Non dou esquecido ,
os latexos do seu corazón.
Oio cómo se extingue ,
paseniñamente.
Nin as bágoas do orballo ,
dan apagado ,
o lume do Tártaro.
Aguías de aceiro ,
sobrevooan o ceo ,
a auga que paren ,
o chan non da chegado,
o lume é un díaño .
Linguas ardentes ,
trocan a noite en día ,
o Hades está na terra.
A enloitada xente ,
sulgada de dor ,
olla como todo está a arder ,
non hai recuncho ,
monte ou fraga ,
que o lume non lamba ,
outra vez .
Voltaremos oílos berros :
¡NUNCA MÁIS!

Voltará a suceder ,
volveremos ver escoalo monte ,
velo en muxicas converter ,
seguiremos apagando nos ,
a xente que goberna non lle importa,
ten os seus plans ,
teno todo a vender ...

Branca Villar Alvariño



LUMES NUNCA MÁIS



GALERNA IMPOSIBEL

Galerna imposibel que me derrota

gaña e humilla

terribel avenida vermella

que esmaga en fulgor da noite infinda

O resistente cruxol do corazón

Engurran o peito as labaradas

Que esgotan a terra e o ceo

Engulen o horizonte do corpo adorado

Da miña terra

Deixándoa só para os aloumiños negros

Sen esas arbres, sen ese souto

Sen as liñas da voráxine cordial

Como saber se estou de pé?

Como se estamos vivos?

Reclamo o meu metro cadrado

A parcela alicuota da permanencia

Que todo o que queda de min

Resto aínda fecundo

Abone e fermente

Amose axiña a herba baixo os vosos pés

Agromen felgos novos, carqueixa e queiroa

Mais agora quero máis ca querer

Quero odiar con certeza

Desprezar pertrechado de eficacia

Perseguir aos asasinos e todas as súas explicacións

Quero clausurar os tobos escuros da razón

Que a vida renovada non chame a esquecemento

Senon á alerta e os coidados

Quero máis ca querer, quero odiar a feito

Prevenido e convencido, sentinela

Quero salvar un carballo e un castiñeiro

Mais tamén arredar o cínico, o suiña

O mercader do medo

Carlos Neira Suárez



LUMES NUNCA MÁIS

GALICIA SEMPRE VIVA

Galicia viva, sempre viva!
A súa cor... a súas bouzas,
os seus montes, as súas chousas,
pradeiras, toxeias e beigas,
na nosa mesa, mel e manteigas.
Paxaros cantadores entre a silveira,
paridoiras tras da pena, e raposeiras,
cabaliños e demais animalíños,
que alentan a brisa dos teos airiños
Cada quen, que durma no seo lar,
que ninguén teña que escapar.
Os ríos e regatos transparentes,
auguiña que lava os nosos dentes,
que adoza os nosos beizos,
resecos, sedentos e enfermizos.
As nosas casas coas súas lousas,
onde queira que elas se atopen,
as nosas prendas mas queridas,
sempre vivas, sempre erguidas.
Que nunca sexa loito a dor
que nace dun misto encendido,
que o mouro... sexa elegancia,
soamente para o noso atavío,
non, para a terra que tanto ansío.
¡Galicia viva, sempre viva!

Carmen Penín



Sol vermello

Quixen retratar un sol vermello,
e cegoume a cor dun ceo pardo,
cada quen osmaba a brisa morna,
e cheiraba as faíscas da nosa terra,
cinzas dun verde que esmoreceu,
nas lapas do demo incandescente.

Carmen Penín



LUMES NUNCA MÁIS



CANTO ESQUIVO

Tempo de cicatrizes
aberto na boca do fumo,
lavrado no chão queimado,
no rosto cego das janelas,
nas casas sem paredes,
nos túmulos arbóreos
cobertos de dor
e cinza...

Tempo enterrado
nos confins da alma
alongando-se num amplexo
de saudade
fixando no vazio
aquilo que já não existe...

Tempo surreal
esvoaçando com asas assassinas
enrolando-se — penosamente —
no rosto daqueles
que amolecem a dor
e regam com lágrimas
os terrenos áridos,
sem casas,
sem enxadas,
sem arados,
sem estábulos,
SEM NADA!!!

Tempo de raiva
no canto esquivo da ave
que, debaixo do teto do céu,
agita as penas choradas,
gritando:
— que não se repita, jamais,
esta incendiária
agonia!...

© Conceição Guerra da Palma
*Portugal



O AVÓ

O avó veu plantar o souto cando era neno
e nas tardes da mocidade liberou o desexo
acubillado entre os lenzos dos castiñeiros.
Os avós coidaron do souto coma dun leito
cantaron e bailaron sobre a ourizada e as castañas
sen que as espiñas lles impediran facer camiños.
No souto a avoa respira no danzar das follas.
O avó bota sal polas corredeiras do monte;
o sal nos carreiros derrete o xeo da noite...
mais as bágoas salgadas e negras do avó
non foron quen de apagar o lume
a tarde na que o avó chou unha vida.

C. E. A. R. (Cris Amoedo) 2017 Vigo



LUMES NUNCA MÁIS



Escribo: xa o nervio non será quen de retraerse. Na miña tendencia flamíxera contra o mundo. Quérovos libres.

Vivo. Vives. Vive. E a cuarta persoa: deixa vivir. Así conxugo o presente. Sen máis límite que o das palabras cando constrúo o poema. A miña escrita contra a inxustiza. A nosa escrita.

Non en tanto son consciente de que o verso non minte por ferinte que sexa. Así verifico: a Poesía.

Ti ámate: coma o cervo. Ti ámate: coma o escornabois. Ti ámate: coma a árbore no bosque: sen xardín. Que os rituais da beleza coartaron o rostro. Queimaron a face, ata o beizo inferior.

Coma os cervos, coma os escornabois, coma as árbores no bosque: sen xardín. Amémonos. Por natureza. Quérovos libres. Na miña tendencia flamíxera contra o mundo.

Daniel Irimia Yáñez



LUMES NUNCA MÁIS 

LUMES NUNCA MAIS!!!

LUMES nos corazóns da xente
NUNCA esqueceremos a dor e
MÁIS o olor da terra queimada
NUNCA apagaremos as voces e
MÁIS as palabras de quen berra:
LUMES, NUNCA MÁIS!!!

Eli Ríos



LUMES NUNCA MÁIS



BAGOAS DE FUME

Ollos de sangue
de cinsa
de fume...
Pel rachada polo lume ardente
da man asasina
As nubes mouras cobren hoxe
o ceo da nosa terra
ollos empañados polas bágoas
de tristura... fonda
Subeu dos infernos o berro
murchando as rosas da fermosura
agardando a choiva
para lavar a cara e parar a barbarie
deste ardor que consume
ó noso...
Todo son fendas...
a fala, os dereitos, as costumes,
mais rexurdiremos
coma o ave Fenix
das nosas cinsas...
Xa estamos afeitos
Mais con cada golpe
medra a forza da terra...

Emília Martínez Fuentes



LUMES NUNCA MÁIS



FENDAS DE BORRALLA

Pel espida, doente,
arde no fondo dos latexos.
Unha fenda aberta, con brasas ardendo.
A man que con saña
acendeu o lume, para acabar
coa matria,
coa terra nosa,
trocando a cor verde dos teus montes,
pola negra sombra... das cinsas
Choran os piñeiros...
a vida fuxe correndo.
No ar, somentes queda olor a fume,
a morte...
a tristura,
a devastación... candente.
Os pés descalzos pisan a borralla
e o do que foi a herba,
xa non queda nada... cisco negro,
no que foi monte frondoso,
beleza da terra, verde...
negrura se tornou.
Non chegan as bágoas dos galegos
para lavar,
tanta tristura... tantas cinsas,
para voltar a sementar a esperanza
de ver
de novo, o verde frondoso do arume dos pinos,
e a cor marela dos carballos.
A man do asasino da terra, que
teña castigo sen redención...
Chove... para lavar a cara, da matria...por fín.

Emilia Martínez Fuentes



LUMES NUNCA MÁIS



A FRAGA.

As fragas están moi tristes,

son madeiras vellas todas,

fun facer forquitas

para postear as pavieiras,

e non as hai.

Emilio Araújo



LUMES NUNCA MÁIS

Esta anedota sucedeu na minha família.

Há muitos anos, ia-se buscar o molime ao monte.

Um dia encargaram-lhe a tarefa a um tio da minha mãe,

home com fama de bondadoso e generoso.

Quando o jornalista retornou à casa sem o feixe de molime, seu pai, com enfado,

perguntou-lhe por que não o recolhera e ele contestou:

-Se soubera o que me passou! Fum ao monte...

como me mandou, mas no monte já estava João do Piola colhendo no molime.

-Estava colhendo no molime?! E tu que fixeche?

-Perguntou-me se lhe ajudava... E eu ajudei-lhe.

O pai levou as mãos à cabeça.

Pode que não vejais a transcendência e que vos pergunteis por que conto isto.

Naqueles tempos o estrume e a lenha eram imprescindíveis.

Por isso os proprietários dos montes mantinham-nos limpos, até dos alheos.

Comentada a anedota, lanço a mensagem.

Todos somos responsáveis, todos somos culpáveis:

a mão que prende o misto com alevoisia;

as instituições insensíveis, escatimadoras e inoperantes;

as celuloses com a sua ambição

de produtividade que contagiam ambição de madeira

de crescimento rápido e grande potencial inflamável;

os passeantes que tiram com descuido materiais combustíveis;

os nomes e apelidos de patrimónios florestais que descuidam

os bens que são tão prezados para a Vida;

e também os familiares destes nomes e apelidos que caemos na conta

e não nos implicamos.

Portanto, se mo permitides, cámbio o lema e digo: -Lumes, Nunca Mais.

Responsabilidade de todos e todas!

Frescura de luz

Respiração de seiva

União de sangues

Esperança Martínez



LUMES NUNCA MÁIS



TEITOS DE LAPAS

Esperanza grisácea,
cheiro a destrucción,
humildes fogares
baixo as lapas...

Mans xuntas;
nunha misión.

Choros e desconsolos
caen en saco roto,
empreguemos a forza,
e a rabia;
para afogalo lume.
Que tanto dano causou.

Que todo xermole,
que non se esgote
a ilusión,
da man...
Todo se arranxa mellor.

"Nunca máis" nos montes,
"nunca máis" no mar,
deixemos de torturas,
ao noso fogar.

Fátima Fernández García
(Chascarraschás)



LUMES NUNCA MÁIS

A TERRA QUE NOS DOE

Xurdenme esquecementos
que falan por si mesmos
coma a xustiza pola man
para esnaquizar a tolemia
das árbores que se queiman
nun sol que non é o seu
sen a máis mínima queixa.

A miña patria grande làteme
no peito, no mesmo centro dun
Carballo empequenecido que arde
tamén pola mesma man xusticieira.

Non hay inxusticia màis xusta
que voltar os ollos atrás,
e lembrar a semente que nos fixo,
e logo ser árbore onde se queira,
màis coas raíces sempre apuntando
a terra que nos doe.

<http://gallegorey.blogspot.com>



LUMES NUNCA MÁIS



MÃOS MALVADAS

MÃOS MALVADAS

Quem conseguirá entender
o teu pensamento destruidor ,
o motivo criminoso
que te induz
a acender
o fogo na floresta
que nós tratamos com amor?
Tens as mãos manchadas,
mãos malvadas,
portadoras da morte ,
mãos da loucura ou demência ,
quando as cinzas ardentes ,
ainda escaldantes ,
não acreditam
na tua inocência .

Graça Foles Amiguiño

1/1/2018

Graça Foles Amiguiño (Portugal)



LUMES NUNCA MÁIS

AMA A FLORESTA, MEU AMOR!



Ama a floresta, meu amor !

Passeando pelos campos fora
sentes a beleza que te rodeia ,
respiras melhor agora
no campo e na aldeia !

Tanta beleza e perfume
tornam a vida mais bela !

Olha aquele belo cardume
e aquela borboleta singela.

A negra formiguinha
sempre tão atarefada
vai enchendo a casinha
para quando vier a geada.

Se o calor aperta ,
senta-te à sombra da figueira ;
fome não passas, pela certa ,
e lenha terás para a fogueira.

Ama a floresta, meu amor,
filha da terra bendita ,
não a destruas , por favor ,
ela é tua irmã, acredita !

Graça Foles Amiguinho
1/1/2018

Graça Foles Amiguinho (Portugal)



LUMES NUNCA MÁIS



O INFERNO DESCEU À TERRA

O inferno desceu à terra

Tocam os sinos a rebate ,
Soam sirenes no ar,
Partem bombeiros em combate,
há gente assustada a gritar.

O monstro cresceu ,
incontrolável avança.

O desespero venceu ,
morre gente sem esperança.

Labaredas , fumo e vento
tudo levam pela frente.

Não há maior tormento
que esta dor que aqui se sente.

O inferno desceu à terra ,
mata, destrói sem piedade.

O cenário é de guerra
no campo e na cidade.

Graça Foles Amiguiinho

1/1/2018

Graça Foles Amiguiinho (Portugal)



LUMES NUNCA MÁIS



INCOMPETENCIA

Incompetencia foi o cantar
das dúas meniñas, seda por pel,
imitando o berro ferido dos maiores
o ano en que morreu o mar.

E foron medrando co *Nunca máis*
agochado nun lugar da memoria.
Non se borrou nunca,
non se foi nunca.
Non esquecerán nunca.

Porque xorde continuamente
o grito aprendido con dous aniños
Porque van xa moitos veráns de lumes incontrolados
e os outonos arden coma aqueles veráns
Porque xa non están os carballos
Porque ven morrer aos cabalos
Porque se desangra a terra

Porque a incompetencia é aínda máis grande
que cando nenas

Lumes Nunca Máis na memoria e nos beizos.

Helena Gómez Vecino



LUMES NUNCA MÁIS



LAPAS

O lume ten espírito de xigante durmido,
alma de xeo,
coraza de sangue.

Mans, ollos e pulmóns do bosque
péchanse embriagados de fotosíntese i orballo...
e abrigado nunha aberta traicioneira,
aturdido, de súpeto esperta o bosque;
cálida aperta de longos, altos brazos!

Contra o lume almas de ferro,
dedos de xeo,
esperanza, corazóns e pernas de xigante!

Xacobe S. Quintela, Jaki



LUMES NUNCA MÁIS

LAPAS DE MORTE

*Síntome desolado, cheo de rabia e de carraxe,
magoastes á terra nai, ás nosas raiceiras, á nosa alma,
mancastes os sentimentos máis vivos do traballo e do esforzo
vomitando sobre a terra lapas de morte, o lume do inferno.*

*Enchestes de destrución e maceirastes o corazón dos galegos,
desfixestes a paz e a tranquilidade no fogar de Breogán,
queimastes os camposantos e os restos dos nosos antergos
metendo á Gallaecia nas tremendas cavernas do demo.*

*Afundistes, da “ negra sombra ” rosaliana, á terra,
emporcallastes co lume asasino as ilusións de moitos amigos,
queimastes os aforros e o pan de moitas familias,
matastes a esperanza dos galegos, os verdadeiros fillos da terra.*

*E agora que? Os galegos levantáremonos de novo, outra vez máis,
calaremos e viviremos coas nosas bágoas cheas de cinza
e verémolo como una desgraza, e miraremos de esguello,
cando pasemos a carón do inframundo volcánico, ao carón da “ nada
negra ”.*

José Carlos Ulloa García



LUMES NUNCA MÁIS



LUME GALAICO

**Lume galaico, Espírito ardente/
que crepitas silente en faros e lareiras/
Numen primitivo que quantas multitudes/
e iluminas os vieiros ao Occidente**

**"Sacro, pristino e divino/
amigo de bravas noites de antergos/
acouga a túa ira, ímpetu rexo/
envaina a flamberga,deitate quedo"**

**"Bailan as faiscas ao teu sopro /
e adóranse irisados os carbóns, escravos fuscos/
as árbores se enloitan ao teu paso/
prendido polos imbéciles e duros"**

**"Dos prados, fragas, veigas e chousas/
irmans teus, alonxa a xenreira/
pero se nalgures precisas prender/
que sexa no estólido cú da conselleira"**

José Ripoll



LUMES NUNCA MÁIS

DOR DE PRIMEIRO GRAO

Espertaches miña nai
noutra mañá lacerante
coa cor da cinsa na pel
e a morte por estandarte,
espertaches novamente
cuberta en pranto de sangue
envolta noutra traizón
filla de fillos covardes,
espertaches miña nai
ogallá nunca espertasen
aqueles que non merecen
coa súa boca nomearte.

Espertaches miña nai
dormen aínda os farsantes
baixo as sabas da cobiza
agardando a súa parte.

José Vázquez Liste



LUMES NUNCA MÁIS

O XUIZO DE GAIA

Cando a terra sexa cinsa
o ar queimarás as entrañas
daqueles que se lucraron
vendendo lapas e auga,
dos que medraron á conta
de trocar en borralleira
canto de vida quedaba
da súa nai azul e branca,
a eses fillos malnacidos
pais desta infinda miseria
ha de vir Gaia a xulgalos
por tanta morte baldeira,
canda eles han sentar
na pira dos acusados
a ringleira de pastráns
que a ben teñen avalalos
e os que coas bocas pechas
asubían pra outro lado
coidando que as consecuencias
han ferir outros costados,
a sentenza non ten volta
parricidas e vasalos
arderedes neste inferno
por vós mesmos conxurado...
Mais a contía das penas
selarase con PAGADO
cando na face da Terra
sexa esterco o "ser humano".

José Vázquez Liste



LUMES NUNCA MÁIS

O LAIO DA TERRA

A terra afoga
nun vento ardente de
febre.
Marchou a xente
Calou o mallo nas eiras
Parou o arado nas agras
A terra salaia en
laparadas de lume.
Deixou entrar o intruso,
secou os ríos
e inzou como mala herba.
"Derramouse o caldo,
Marica"
A terra chora ríos de
cinza.

Judiña de Lea



LUMES NUNCA MÁIS



NATUREZA MORTA

Lume devorando a vida
terra tinguida de loito

Un exército de árbores foráneas
expropiándonos a auga
a nosa auga

Os medios de comunicación
cómplices da farsa

Unha velliña na cadea
por queimar restrollos

Bandeiras españolas nas ventás
no canto de pólas queimadas

Bágoas nos ollos
terra sedenta
negrura
deserto
morte

Lia Santiso



LUMES NUNCA MÁIS



CALOR

Intimamente

nunca doutro xeito os sucos
te levaron ao meu acubillo lene
nin as froitas explotaron tan caladas
como nesta ingravidez

intimamente revivín a calor

reversibilidade

e se fose mar?
atopariades o vento que ocupo?

agora que só pecho maletas
invisibles entre o azar
e
rompo a simetría diante daquilo que me viu nacer

e se fose mar
atopariades o meu esqueleto antes de que se interpoña a chama
e teña que inventarme de novo?

e se fose
as túas unllas entre a dor?

Lino García Salgado

NUNCA MÁIS



LUMES NUNCA MÁIS



CAMPOS BRANCOS DE MACEIRAS...

Campos brancos de maceiras, amendoeiras,
camelios de floración tardía.

Enxames de abellas liba que liba
o néctar das árbores floridas.

O teu pulso acelerado pola turxencia
da vida.

Como recenden os pistilos das flores
enchidos de pole!

CAMIÑOS QUE BEBEN A INOCENCIA DAS SILVEIRAS...

Camiños que beben a inocencia das silveiras
a grols longos,
feitos prehistóricos que che colgan do pescozo
e non te afogan
ninguén coma ti arrastra nos seus pés
a idade de pedra,
zocas preñadas de memoria de resonancias
milenarias.

Ninguén coma ti vai deixando un rastro respirable
no seu aire.

Luz Campello García

*Do corazón da terra



LUMES NUNCA MÁIS



OS DEDOS DOS PÉS ESTÁN QUEIMADOS

I

Durmía o monte longo sono, toqueaban
as retortas corredoiras
e as copas dos carballos revertían
aquilataados cantos.

Ninguén oíu o crepitar da ramaxe,
nin viu ninguén como avanzaba o inimigo
con zancadas de xigante,
rondando con mans de aceiro, con alma de conquistador
no sangue.

Aínda podo sentir os estalos das faiscas
cun lenzo vermello nos beizos, cun selo de morte
nos ollos
e un baile de trunfo no ar.

Quen me dese as murallas antigas,
//os fortes dos nosos castros,
quen puidese protexerte, quen puidese evitarche
calquera xeito de mancarte,
calquera risco de seres, unicamente
terra queimada.

III

A auga está morta,
os dedos dos pés están queimados,
nada se move na paisaxe deserta.
Só
uns pavorosos ollos miran ó redor
e non se recoñecen
nos enormes esqueletos mouros
aínda en pé.

Ten que ser a fin do mundo! Pensa moribundo

//este carballo,
albisca unha pedra que permanece pálida
e pregunta:
sabes a onde se foron todos?
Revive a cor na alicaída pedra
—vense agora as feridas—
e tremurando di: están cavando unha tumba
moi profunda
onde a terra permanece húmida,
onde chorar a seiva que queda.

II

Tómase a noite na fraga, tómanse os toxos misterio,
tómase en vidro o río, en glaciares de medo
os camiños.
tómase en tebras o ceo, afógase o osíxeno
no fume negro,
ó monte verde alámpalle a carne
e todo esmorece
nun estertor prolongado.

Os laios dos cabalos na soberbia das lapas
e nada que os puidese sufocar,
onde antes había casas agora medran columnas
de fume,
lume en ringleiras elevándose no ar.

Arde a miña casa tamén,
aquele carballo de pernas ananas polo que rubía,
a nostalxia das súas pólas fornidas, brazos xoves
que me sostiñan,
a dor das súas follas tépedas que me acochaban
se algún día, cando ía coas vacas,
algún lobo famento
me amedrentaba.

Luz Campello García

*Do corazón da terra



LUMES NUNCA MÁIS

LUME NEGRO



os mandamentos destes sen deus...
o quinto -aí vai-, sachar as malas herbas,
o que son para eles malas herbas...
en decembro, o consello de guerra,
a condena: a morte, era esperábel,
os fusilamentos, inmediatos;
o día da sublevación chegaron impasíbeis,
disparáronme á cara, de socato,
non me mataron alí (incibelmente),
mais fano cada día, ás cinco en punto,
contra a tapia de calquera cemiterio,
coa complicidade dos sen ollos, sen oídos, sen palabras,
mátanme,
a ti tamén,
sutilmente,
dende impunes alturas,
dende os ollos sen ollos,
dende o niño de tristeza que acumulo,
dende a inocultábel falta de esperanza,
mátanme fronte a ti,
non hai nada que poida facer senón morrer mil veces,
nada podes facer máis que orar en silencio,
a un deus cego que xoga á pita cega;
mátannos,
e sen remorsos,
guindados coma sacos de leña,
ardemos até que no negro ceo debúllanse os corvos que atopan só po,
po voando cara a ningunha parte,
novas que non dará ninguén,
nun páramo onde os cegos, os xordos, os mudos,
andan entre os grallos dos frustrados corvos;
sangue negro, fume negro, negras ás de negros corvos;
Mátanme.

Luz Darriba



LUMES NUNCA MÁIS

MISÁNTROPO

Misántropo

invoco a xenreira das estrelas

a decapitación da noite

engulo con vontade de promesa

ilexítima é a dor provocada

a túa ira

manifesto hoxe todo o meu odio ao xénero humano
o prócer da causa

careces de poesía, e
os teus ollos verdegaios non danzarán ao compás da chuvia

un novo troco fugaz de miradas adobiadas con traxe gris alveolado

de novo
LUMES NUNCA MÁIS!

Manuel González Prieto



LUMES NUNCA MÁIS



A MENTIRA DO “NUNCA MAIS”

Xa está,
queimáronnola enteira,
non quedan fragas
nin soutos nin carballeiras,
nin fala, nin galegos.

O país que nunca foi
en perigo de extinción.

Os berros de “NUNCA MAIS”
van da gorxa para arriba
e no corazón, “MENTIRA”
e traizón ao que son,
sen cerna non hai nación.

Agora igual ca sempre, submisos,
rimaremos paraíso con eucalipto.

Mar Beres



LUMES NUNCA MÁIS



TERRAE

"Utero eterno
cerne das árbores
ovulando natureza.

Semente holística
dos amantes da vida.

Augardente sobre o teu verán
fogo que regou as fillas que pariche.

Nai de inmensa xenerosidade...
e brotas...no animal, na conífera e na flor.

Poderosa por riba da mala humanidade.

Miña nai apagache o lume
ca choiva fértil da túa luz"

María Pereira (Oslita)



LUMES NUNCA MÁIS



Queiman..!

Martiño Maseda

queiman o monte
desafiuzan a casa
queiman o tempo
asasinan a Matria

queiman a lingua
silencian a fala
queiman o berro
que afoga sen palabra

queiman o aire
envelenan a alma
queiman o sorriso
que embelece a faciana

queiman o bico
prostitúen a causa
queiman os latexos
no corazón da fraga

queiman a paisaxe
e cega a mirada
queiman a enxebreza
e xa somos nada

queiman a primavera
do poeta que a proclama
queiman a vida
na morte que alanca

queiman a memoria
para non ter que lembrala
queiman o futuro
no lume da súa vesania

queiman coa mentira
que aldraxa e difama
queiman a Galiza
que morre calchada

queiman a miña voz
que cospe contra a súa rabia
queiman no solpor
o fulgor da esperanza

queiman estes versos
mais o poema non cala



LUMES NUNCA MÁIS

FALANDO CO FUTURO

Perdoen que mire cara á fronte
e fale con os que aínda non naceron.

Perdoen que non fale con vostedes
porque non entenden
ou porque non atenden.
Son precisos moitos enterramentos.

Mailo meu

Para darlle xeito a isto.
E cando iso sexa posible
xa será tarde de mais
para arranxar os engranaxes
estragados.

Perdoen que fale co futuro
e con as almas dos non nacidos.
Cecais mais receptivos ao sentido común.

Ausente.
No presente.
Porque teñen que morrer
os que non libran batallas.
Porque pensan
Que...
xá...
as teñen perdidas
de antemán.

Entendan, pois,
que non pretenda
espertalos do seu sono.
Sono somnolento.
Sono sen soños.

Ás veces.

Señores durmidos
do Fogar de Breogán.

Miguel Melero

(13 de maio de 2013)



LUMES NUNCA MÁIS

CURUXA PEQUENA DISOLTA NO NIÑO ABRASADO

curuxa pequena disolta no niño abrasado
a frangulla de cinza para a que miro
alberga a continuidade da miña estirpe
a hecatombe devórame as entrañas

a miña filla morta

contigo ardeu a retina dos nosos ollos grandes
o dourado e branco das nosas plumas albas
engulido pola negrura fonda e implacábel
todo canto viches cos teu ollos grandes

ven o lume voa salta sae voa voa xa
coas túas alas inmaduras voa fuxe escapa
a inexpugnábel afouteza do fogar inerme
voa por primeira vez para salvar a vida

os teus ollos grandes berenguela.

Moncho Bouzas, PM voces Poéticas do Mandeo



LUMES NUNCA MÁIS



Abrín os ollos

Abrín os ollos, sen acougo,
desacubillada de lérias e falares

Non vin o clarexar do abrente,
esvaraba no ar cinza
o ar aceso de lume,
e ar cun cancro na terra, na nosa terra,
-pousaba desgobernadas faíscas-

Ardía o monte, morría a segundos.
E os segundos foron horas e as horas foron días.
“Negra sombra que me asombras”
fantasmais imaxes de lapis e carbón.

O fogar de Breogán
asolado,
desolado,
viciado,
mofado,
ferido,
de mans luxadas de escarnio
mentes eivadas e tolleitas do siso.

U-los montes e os eirados?
as cortiñas e os soutos?
U-los lares e as silveiras?
U-los fentos e as chorimas?
U-la Gaia?

Fachos de lumieiras, doentes das sobreiras.
Galiza ardía, amortallando conciencias.
Todos eramos cada galla cincenta,
cada terrón escarnecido.

Tempos serán vindeiros
de secas e desgaxos,
de febles teses e tratados.

Mais eu debuxareite entre soños,
ata facer do barro inerte
un berce de vida.
A NOSA TERRA

Montse González Álvarez



LUMES NUNCA MÁIS



Queiman o ceo

Queiman o ceo,
queiman os nosos pulmóns,
saloucan tristesiros os paxaros,
a terra non é máis que un verme estéril e morto.

E cando non queden nin fragas nin devezas,
nin follas nin froito,
cando as nubes sexan fume fedorento,
repletas de carbón á esgalla,
sen gotas nin auga,
entón saberemos o que as cinsas traen.

O mundo parece un esqueleto calcinado,
repleto de soidade,

e bágoas.

Natalia Lema Otero



LUMES NUNCA MÁIS



PRIMAVERA

Cando era nena
Primavera
era arrecendo a flores,
deixar o abrigo na casa,
paxaros moceando
e rompendo o silencio.
Agora que son maior,
"primavera" significa
que queda menos tempo
para o cheiro inmundo
a fume de eucalipto.

Navia Rivas de Castro



LUMES NUNCA MÁIS

SEN ARDER QUEIMEIME

Sen arder queimeime abondo
sen morrer ben vin a morte
de teito linguas de fogo
tapando ata o horizonte.
O meu mundo era un inferno
cheo de laios e horror
e chorei bagoas de sangue
o caron do meu amor.
Sen reparar no perigo
afogandome co fume
por salvar un castiñeiro
quixen morrer naquel lume.
E non fun quen de apagalo
que impotencia que dolor
cada estalo que soaba
rachabame o corazón.
O lume ruxía a trono
matando a Natureza,
fauna morta, homes feridos
un purgatorio comeza.
O meu corpo está tremendo
pensando nos preguiceiros,
que non saben defender
o legado dos devanceiros.
O lume ruxía a trono
matando a Natureza,
fauna morta, homes feridos

un purgatorio que comenza.
E pousabanze no chan
ficando eu abraiada,
sen percatarme..nun intre
vinme de lume rodeada.
E berrei os catro ventos
cautiva entre aqueles demos,
e foi a choiva o caere
a unica axuda que tivemos.
A leira que estaba arada
foi a muralla das casas,
ata os buratos das serpes
ollavanse cheos de brasas.
Negros fican os penedos
os regueiros quedan secos,
ata cando van reboutar
as herbas e os campos mestos?
Como se restaura o entorno?
Quen me retorna o sosego?
Como volto eu a dormir
se todo, todo está negro.?
Adeus paz da miña alma
adeus a Galiza verde,
de que me serve o vivire
se a miña terra se perde?.
Quen debéra non estaba
e os de arriba son truais,
eu dende o fondo da alma
berro: lumes nunca mais.

Nieves Fernández Vidueira



LUMES NUNCA MÁIS



ARDERON OS CAMPOS

Arderon os campos
arderón as touzas,
tan só se libraron
os picos das Bouzas.
Ardían as uces
veigas de rebolos,
chegaban os musquios
o xogo dos bolos.
Arderon carqueixas
trascorase a terra,
quedan arruinados
os montes da serra.
Oubean os lobos
e as corzas fuxian,
maldito o mechero
que o lume prendía.
Coitado o pastor
que todo veí negro,
por un lacazan
que o vota do pueblo.
A Galiza queimada
lumes nunca máis,
que non nos enganen
de humildes quizais.
Eu lanzo un mensaxe
dende a miña fraga,
non esqueceremos
o que mal nos faga.
A terra ten vida
o inferno ten preve,
maldito incendiario
que odiaño te leve.
Eu vivo no monte
se arde eu tamen,
todos contra o lume
e as leies tamen.

Nieves Fernández Vidueira



LUMES NUNCA MÁIS

CRUCIFIXIÓN

Unha rama seca é como unha crucifixión para o mundo...
Que pasou con ela? Unha desgraza ou unha maldición...

Eu estaba canso de esperar por un milagre,
Ou era moi fráxil, moi impresionábel.

Rompe o vento ou o sol queimado,
Ou podería ser marcada por unha forte choiva torrencial.

Para o mellor da man humana, cortou o fío da vida ,
Porque el estaba a perder un corazón novo e suave...

A seca rama é como unha pura verdade,
Como unha bágoa de nai vivo e transparente.

Por un longo tempo xa está en silencio e en paz.
A seca rama é un oprobio en silencio...

Nalgún lugar que acende o lume eterno,
Pero o que pode salvar este mundo a partir da crucifixió

* * *

*original en ucraniano

Olga Glapshun

Ольга Глапшун



LUMES NUNCA MÁIS

DE XEONLLOS

- En que te apoias, nun talo finiño,
nas cruas xeadas, entre neves luxosas,
no que non te deixa romper, poñerte de xeonllos,
na terra estrana, na tua soidade sombría?..
- Non chama a atención unha planta probiña,
servelle un bó corazón para perdoar aos pecadores,
a súa alma canta e anhela voar como unha pombiña branca,
e o ceo azul regalalle unha clara mirada...

*original en ucraniano

* * *

Ольга Глапшун

Olga Glapshun



LUMES NUNCA MÁIS

SEMPRE MÁIS

fonduramos versos
decorando favelas
autocomplacendo decencias
namentres un fobo ausente
retroba os chans calcinados,
para facer ~~plano~~ nova plantación.
Froito desta guerra perdida
oitenta millóns de eucaliptos
agardan por ciclónicas mortes
purificando este maldito xardín.
E que ardan mil nenos
no meirande dos infernos
desta triste historia
chamade País.
Predicindo traxedias
coas nosas súplicas inertes
requeifamos demencias
que xa ninguén lee.
Sempre máis !!!
ruínas desertos
xa sen pola vilas
e montañas en chamas
negociando contratos
co algún satanas.
E que soñen as aguas
coas carballeiras infundadas
e milenarias frigas
empregando emigrados
que xa non retornan máis.
Xardín de verans
morrendome aquí
sen copla nin rima
polas que chorar.
Oscar de Souto * (1/1/2018)

namentres un fobo ausente
retroba os chans calcinados
para facer ~~plano~~ nova plantación
Froito desta guerra perdida
oitenta millóns de eucaliptos
agardan por ciclónicas mortes
purificando este maldito xardín.
E que ardan mil nenos
no meirande dos infernos
desta triste historia
chamade País.
Predicindo traxedias
coas nosas súplicas inertes
requeifamos demencias
que xa ninguén lee.

negociando contratos
co algún satanas.
E que soñen as aguas
coas carballeiras infundadas
e milenarias frigas
empregando emigrados
que xa non retornan máis.
Xardín de verans
morrendome aquí
sen copla nin rima
polas que chorar.
Oscar de Souto * (1/1/2018)

Oscar de Souto



LUMES NUNCA MÁIS



ATROPELO BOLBORETAS

Atropelo bolboretas
por unha autoestrada, libre de peaxes
que inevitable, vai.... rumbo a ti.

E fuxen vertixinosas as imaxes
(outrora verdescentes)
que hoxe son os rescoldos
deste gran incendio ...
meu amor.

E calan os paxaros
porque somella que é de noite
e chóveme a túa cinza
sobre esta inmensa dôr.

Expropio poemas ortodoxos
calcinados no silencio rotundo
desta maldición perenne
chamada desolación.

E recalifico estrofas novas
pintadas no vento
como grafitis de cores
renacéndote, meu amor.

E auto-proclámome apalpador do teu ventre
unilateralmente meu
para que xerminen os berros secos
que ninguén editou.

Edificaremos xardíns de carballos
para que un exército de follas
musiquen aquela canción
da nosa alta paz.

Entrementres:
seguirei soñando cos tempos chegados
froito da nosa louca paixón post mortem.

Atropelo bolboretas
por unha autoestrada, libre de peaxes
que inevitable, vai.... rumbo a ti...
meu amor
meu País !!!

Oscar de Souto
(17/10/2017)



LUMES NUNCA MÁIS

Os labregos

As noites xa quedan frias
sen xente o agro galego
sen bouzas nen romerías
sen escolas e sen nenos

Todo se vai meu amigo
nunha terra abandonada
mosos a auga do muiño
sodes pro caldo a graxa,

.....
Vendo as pisadas
busco os recordos
ollo o lonxe ..
pecho os ollos

.....
Todo ardeu neu amigo
A cabra non ven o monte
a zinza foise o río

As serras

As serras quedan espidas
todo se vai para baixo
xa non sinalan as pisadas
hasta o vento vai de paso
E a cume queda cuberta
de tristes folerpas negras
as pedras en-moecidas
xa nada pasa por ela.

Paco Ledo



LUMES NUNCA MÁIS 

MODA

Que ben che queda a terra,
o penedo, as árbores,
vestido de natureza,
que ben lle quedas á terra,
ás arbores, aos penedos...

Pas Veres



LUMES NUNCA MÁIS



ORACIÓN VERDE

Deberíamos,
axeonllarnos ante o Gran Carballo,
render tributo silencioso á árbore que fornece a vida,
sentir o que el sente,
desde a raíz ata tocar o ceo.

Deberíamos,
rezarlle ás cobras, ás píntegas, aos sapoconchos...
a todos os animais cos que compartimos territorio,
falarlles igual que facía o Irmán Lobo,
que era un homeless santificado.

Deberíamos,
bendicir cada lóstrego
que cae coa rotundidade dunha badalada no outeiro novo,
escoitar a chuvia das primeiras horas
que remata coa seca do outono.

Deberíamos,
pasar a man polas plantas máis humildes,
esas das que ata descoñecemos os seus nomes,
seguir unha folla erguida polo vento do implacable Nordés
que te levará a un lugar seguro.

Deberíamos,
escoitar á Natureza.

Pedro Rielo Lamela



LUMES NUNCA MÁIS



DESERTO DE CINZAS

Vin a homes curtidos chorar ao pé das súas terras,
baixo o pórtico de vides afroitadas,
moi preto das casas erguidas por eles
e das leiras nas que recollían patacas co suor herdado.
Vin a mulleres de xeonllos na terra húmida
en penitencia pola estirpe
agarrando unha pola entre as mans,
en defensa contra o implacable avance das lapas,
loitando,
arrizando coa pola dun vello castiñeiro
berrando desde os pulmóns afogados.
Os cabalos galopan á desesperada,
completamente aflixidos,
sinalando as pautas do fogo.
Un home lévase as mans á cabeza,
sobre as fazoulas,
o mapa da vida en cada enrruga:
non pode ser verdade,
non pode ser verdade.
As palabras azoutan o lume.
O traballo de toda unha vida evaporado,
tantas lembranzas ao pé da casa,
o valor do que non ten valor económico.
Non hai máis que cinza espallada
entre as casas, entre o gando fuxido,
labazadas sobre a pel mesma da terra.
A folla do ameneiro esmagado pola voracidade,
desaparecendo entre a pegada vermella,
a natureza ferida,
un berro de cinza que chega rotundo.
Vin a homes parando a lingua de fogo que avanzaba con furia,
loitando a morte por non perdelo todo,
evitando queimar a súa memoria.

Pedro Rielo Lamela



LUMES NUNCA MÁIS



CINZAS

A bolboreta, o poldro

O campo cheo de flores

A bolboreta amarela está contenta

O poldro observa compracido a bolboreta

Berran: Lume!

Corren

A bolboreta e o poldro, corren

Agardan

Volcán

Horror

Xa non hai flores

Non hai herba

Soamente hai cinzas

Pilar Hidalgo Quirós



LUMES NUNCA MÁIS



#ArdeGalicia

Arden os montes
na retransmisión
do directo polas ondas.
ArdeGalicia.

Non queda auga na terra da auga
para apagar o lume prendido
pola ignominia dos usureiros.
Non foi o mito de Prometeo
redistribuíndo a súa riqueza
foron os asasinados da terra
que nin sequera
coñecen o pracer do amor
ao carón do borrallo da lareira.

Arde o monte eucaliptal
plantado no chan
do carballo e das uceireas
arde a miña terra
nas grañas ate as chousas
agroma polas corgas a vesania
do lume osixenado de mentol...
prendido a beneficio de inventario...

Tinguindo o ceo de loito e cinza
na matria do verdor infindo,
no país da infamia calculada
os danos colaterais quedan
para o quebranto de caixa.

Pilar Maseda Barrio



LUMES NUNCA MÁIS

O RECURSO DO MÉTODO (Fabricando apocalipses)

Era o silencio da auga,
da pedra contra o vento.
Un remanso encartando, area a area,
os futuros desertos
cando as ondas pasaron o seu espello
en opacos escintileos
e os peixes convertéronse en ósos flotando
e as súas espiñas, como o froito do trigo, levedaron pan,
pan insaciábel para escuras bocas xa sen fame.

Agora óese o canto sideral das baleas
no silencio total dos oasis.

Agora todo son delgadas pingas,
o esperma frío das bágoas,
o suceder da comunión incrédula.

Agora todo está por facer
como o lume mídese polos rescaldos
como un xogo cos dados polo ar.

Agora todo sucederá outra vez
nun sempre que se mentirá
con degoxo dun Edén interminable.

Rafa Catoira



LUMES NUNCA MÁIS

POEMA PENDURADO DO SONHO REAL

Para Antón e Martiño.

Temos lume no sangue,
casa de luz invadindo-nos
com o tempo abolido
entre os seus braços,
arquitectura estranha
do poema a explodir
dentro dos olhos nus.
Ali dançamos contra
a tristeza embalsamada,
no plenilúnio do existente,
gritando na mudez solar
desta noite sem corpo,
voltando sempre ao amor
que descobre a morte e
e converte as cicatrizes em
astro derramado em nós.

Dezembro de 2017.

Ramiro Torres



LUMES NUNCA MÁIS

FOLERPAS QUEIMADAS

Folerpas dos corazóns queimados
e follas que fuxen para pendurar das farolas,
aferradas á utopía de prender
"conversas luminosas";
pombas de papel que voan ceibes
dende o ventre das árbores fermosas,
levando no pico o son
das verbas cincentas
das súas irmáns queimadas...
por corazóns de xeo.

Raquel Díaz Seijas



LUMES NUNCA MÁIS

NON DIGAS

NON DIGAS que só foi un soño
Vinche
Xerminar terra dentro
E facerche un oco no meu centro
Vinche furar sen disimulo
Ata chegar tan alto...
Que só sinto as túas raíces
Cravadas no meu peito
Profundas




Raquel Pazos Garrido



LUMES NUNCA MÁIS



ÁRBORE CAÍDA



@auganoslabios

Hai quen mira a tristeza da árbore caída
Eu aprecio a sutil elegancia da súa melena ao vento

Raquel Pazos Garrido



LUMES NUNCA MÁIS



Madreira

Retornarei de novo espido á terra,
un corpo morto en cinsas transformado
que navegarán no zume calmado
das árbores que visten esta serra.

Habitarei na súa pel enrugada,
na poderosa forza dos seus brazos,
nas súas follas de límpidos regazos,
nas recias raíces da súa nada.

Despois serei alimento e materia
que nutrirá augas, montes, e bestas
que fatuas colmarán a fraga enteira.

Saudareite entón a ti, pasaxeiro
que camiñarás polas frondes mestas,
mudado outra vez en afán baleiro.

Raúl Gómez Pato



LUMES NUNCA MÁIS

Ele na fenda ri.

Aínda na fenda que lle facemos,
o mundo xira,
trae a noite de un cada día.
E sorrí coma neno xigante.
Lume Nunca Máis.

Lume dos despachos

No fondo da carballeira estou,
procurando que os despachos,
que non poñen lume cos fachos,
máis desde os despachos poñen, si,
coas súa políticas dos agravios,
que é a que eles fan desde alí,
eles non se consideran confesos,
mais para o pobo, si que o son, si!!

Lumes nunca Máis.

O noso sol

Mañanceiro e madrugón,
ben nos chega o lume del
vai enriba do lureiro, da oliveira,
está subindo no esqueiro,
e sen precisar escada,
monta no souto e na carballeira
o del sempre, eu respetarei.

Neles, Lume nunca Máis

Cheiros anoxos fedentos

As campás avóas quedaron anoxadas
De tanto tocar a lume arde o ar
Zoa o vento nelas, mais sen soar
Anoxas home o teu anoxo fedento
Do fungar fatídico dese vento
Que non limpa ó pasar, era noutro tempo
A limpeza xa non hai nin no tento
Todo é lixo pestilento, das fiestras sae o vao
E ti tan ledo, infeliz, lercho, deixas o cheiro
Se deixamos coller costumes
Non se erradicarán, nin con lume infernal
Certo que acoramos có fero mal
Mais se somos nós conscentes delo

Terémonos que depurar no infecto
Pra non feder, e arrecendos nós dar.

Lumes nunca Máis

Ricardo Souto Morano



LUMES NUNCA MÁIS

GUSTARIAME DECIRCHE

Gustáriame dicirche que hoxe por fin é un bo día e non só para min para ti e para a neniña.

Gustáriame dicirche que por fin atopamos o sentido de vivir o día a día, sen precisar nada máis que che digan que por fin chegou a amnistía, que xa os nenos non lavan a roupa con lixivia, que a todos se lles deu unha prima e regresaron á escola aprender as letras e desaprender de armas e inxustiza.

Gustariame dicirche que por fin os nosos montes librarón a plaga do eucalipto e xa non volverán arder máis países. Na nosa horta hoxe medra de todo e xa non hai fame nin angurias.

Gustáriame dicirche que os refuxiados están nas súas casas porque xa non hai hambrunas, porque xa non hai guerras

Gustariame dicirche que as palabras precisan das palabras, que desapareceron algunhas e naceron outras porque ti descubres a vida en cada folla caida en cada día que chega susurrando a quedarse contigo.

Roxana Villagrasa Méndez



LUMES NUNCA MÁIS

PINTANDO UN POEMA

Voa pensamento voa ...
Voar contigo polo azul
levo a saia vermella
vou transportando verdes

A cor é como o tempo
Ao tempo sentímolo no durar
á cor no seu transportar.

Achégate noite imos soñar
o azul repousa no alumiño da flor
na súa beleza misteriosa,
no seu pasar efémero,
na memoria tenra da vida.

Voa pensamento voa ...
deixate fluir no azul
hai azuis de mares e paxaros
outros intensos como a dor,
o ceo, teito azul do infindo.

A miña musa é verde,
verde, porque me petaj
A caixa de Pandora
ten que ser verde
e as ás do poeta,
como as esmeraldas
tamén son verdes.

Un cabalo agallopando
e un xinete perseguindo soños,
soños verdes
por lameiros tamén verdes.

Verde tamén é Galiza.
Échente de eucaliptos,
asolágante de feluxe,
queren volverte moura.
Galiza quérote verde

Hai un monstro que xurde do lume
renacido como ave fenix malvada
en cada incendio

Sabemos dos asasinios
sabemos dos seus alcaiotos
non deixaremos que negocien
coa dor da túa terra.

Inspiramos o aire verde
para espirar verdes palabras.

Deitados nas pradeiras
de flexibeis pensamentos.
A brincar como ferverzas
que salpican un río verde.

A luz leva todas as cores
que non son , máis maquillan
a súa ausencia moura.

Chega o vermello
coa súa forza e calor.

Un froito, a granada,
corazón rubí
bategar doce de inverno
frescor nos teus beizos,
palabras gran vermellas,
contos á luz da lumbre
brilantes como rubies.

Vermello na anoitecida
na que se atoparon
os argumentos
e afundíronse na mar azul.

O violeta xorde tralo verde,
na espera do arco da vella
que achegará a choiva


Porque ten que chover,
ten que chover, a mares,

Xa renacen entre as cinzas
novos brotes da terra calcinada

Ese arco da vella
que achegará a choiva

Roxana Villagrasa Méndez





**«POLO AMOR AMARRADAS Á TERRA,
AS VERBAS PIRÓFITAS REXURDIRON
ENTRE AS CINZAS»**

Sandra Tenreiro Doldán

LUMES NUNCA MÁIS



NON TE CONVIRTAS

“Non te convirtas”

Galiza, nosa terra verdiña,
chea de natureza, cor, ledicia.

Galiza, chea de vexetación,
En cada ringleira, de todas a maneiras.

Galiza de fauna variada,
de animais que enchen a nosa alma.

Galiza, por favor non te convirtas...

Na cor do sol ardente,
Do son que sementa medo,
Nesa forte luz que non distingue
O amencer do anoitecer.

Da calor que calcina a alma,
Das nubes escuras que traen a sombra,
nun forte día de treboada.

Galiza, por favor non te convirtas,

Na cor transparente
Das bágoas.

SORAYA R S
(Soraya Rdguez. Sánchez)



LUMES NUNCA MÁIS

LAMENTO POLA TERRA NAI

Envolta nunha brétema de plástico,
a Terra Nai inerme languidece.

Hipócritas, choramos bágoas secas
co corpo en pé e o corazón ausente.

Á Terra Nai ferírona nos ósos
os lumes vergoñentos da ignominia,
o fel dos ríos, a pezoña dos mares
a estulticia dos homes, os fados e as desidias.

Suso de Merelas
(Xesús Bermúdez Tellado)



LUMES NUNCA MÁIS



SOARÁN AS CAMPÁS EN NEGRO

...e vos seguredes cuspindo lume,
nos sementando raíces
para que o monte medre!

...vos seguredes provocando ausencias,
nos embriagando de bágoas a terra
para que o monte medre!

...vos seguredes queimándonos,
nos tinguindo de cores as cinzas
para que o monte medre!

...vos seguredes destrozando
horizontes,
nos seremos rosa dos ventos
parindo chuva,

...para que o monte medre !

Teresa Ramiro



LUMES NUNCA MÁIS

Oración ardente. Ou o Rap do inferno

Lume! Lume! Lume!
Non aguanto este fume!
Lume do inferno.
Virá indixente o inverno.
Ras, sapos, sapagueiras.
Infartan as matogueiras.
Vagalumes, grilos, vacalouras.
Súan nas covas as mouras.
Cobras, lagartos, avelaiñas.
Churrasco de formiguñas.
Lebres, coellos, donicelas.
Pobres das vellas que están nas fomelas.
Corzos, xabaris, raposos.
Oulean os lobos nos foxos.
Choran os corzos.
Rezan os porcós.
Grallan os corvos!
E bailan os mortos no alén.
Polos séculos dos séculos...
Amén!

Amén! Amén! Amén!

Eucaliptos ao tren.
E os piñeiros tamén.
Galicia somos nós.
A Terra e mais a Fala.
Galicia de *eucalitos*.
Galicia de koalas.
Manda carallo!
Non queda un puto carballo!
Alegría, alegría, alegría.
Velaquí a profecía.
Uces, carpazas, folgueiras.
Política de esterqueiras.
Toxos, xestas, piornos.
Os montes parecen fornos.
Cabalo de Atila.
Deuses de arxila.
Caxigas, abairas, bidueiros.
Son pirómanos os bombeiros?
Faias, reboas, carballos.
Pirómanos mercenarios.
Capudres, érbedos, teixos.
Soa o *blues* dos desleixos.
Bágoas de cerdeira.
Bágoas de castiñeiro.
Ai... o pranto do espiñeiro!
Requiescat in pace... R.I.P.
Amen!

Amén! Amén! Amén!

Rezan os políticos tamén.

A oración do tres por cen.
Conciencias compradas.
Conciencias afumadas.
Fragas calcinadas.
Aldeas chamuscadas.
Empanadas.
Churrascadas.
Mariscadas...
Adas... Adas... Adas...
Trama organizada.
Menuda carallada!
Fogar de Breogán!
Váleme, irmán!
Ai... Morte, morte...
E máis morte!
Cheira a borralla o norte.
Un canto a Galicia, ei!
Ei, carballeira!
Árdelle o eixe!
Arde Galicia enteira!
Confin dos castros verdes.
Verde, quérote verde.
De verde esperanza.
Tempo de matanza.
De verde eucalito.
Ao carallo o mito!
Galicia canibal.
Galicia irmandiña.
Ai, mamaíña!
Arde a pel dos outeiros.
Non sexades mentireiros!
Que vós non valedes para traballar.
Xa que logo... A roubar!
Galicia dos mil ríos.
Galicia das mil fontes.
Mais... arden os montes...
Na beira do mar.
Na beira do mar.
Hai moito que queimar.
Galicia das mil primaveras...
Pero... Que ghuapiña eras!
Adeus regatos pequenos.
No inferno nos veremos!

Adeus ríos, adeus fontes...
Ontes... Ontes... Ontes...

Quen carallo queima os nosos montes?

Toño Núñez (7 de decembro de 2017)



LUMES NUNCA MÁIS

Bagoan as fontes

Bagoan as fontes e os regueiros
Pola Galiza verde que xa non é:
Montes que quedaron espidos
Asolagados polas cinsas
Dos fentos e carballos,
Noutrora afogados
por chamas descomunais...
Paxariños que non chían,
Salamántegas sen crías,
E rás orfas de pais...
Cabalos e lebres
Que se senten febles
Ao non poderen escapar
Desa lumieira infernal
Que a todos nos enche de ira
Ao non podela apagar...
porén só nos queda berrar:
LUMES NUNCA MÁIS !!!

Xelo Teijido



LUMES NUNCA MÁIS



Lume no monte

Prende o lume no monte
un regueiro de morte
percorre a paisaxe
e reduce o pulmón da vida
a un cemiterio de cinsa.

Arde a árbore e o arbusto
o toxo e a xesta
o mato e a silva
a chorima e o alecrín
o coello e o xabarín
e todas as criaturas
que dormen fóra
-non queda nin fronza-

O lume avanza sen control
unha nube de fume
tapa o sol.

Detrás está a man do home,
a man criminal
e a maldade no corazón.

Xoán Neira
Do libro infantil inédito **Pinguelas e charamelas.**



LUMES NUNCA MÁIS

SAXO TRISTE

Axeonllados polas cinzas
devoraban os camiños posibles
da compresión
Eran 21 gramos de bágoas negras
Sen gromo sen leite

As inexistentes cintas das polas
nas palmas das màns.

XMAC. No Aveiro. 2017

Xosé Abeledo



LUMES NUNCA MÁIS

Tristram Shandy, dáche medo unha muller que fuma Ducados?

Xosé Antónío Cascudo





ESMERALDA

*Herba pequerrechiña
que con medo sorrís
ó sol que vai nacendo
e morrendo sen tí.
¿Por que de ser pequena
te me avergonzas tí?*

*¡O universo sería
máis pequeno sen tí!*

Xosé María Díaz Castro



LUMES NUNCA MÁIS

